



Un ano máis animamos ao alumnado do noso Centro a participar nunha nova edición da Carreira Pedestre Popular do San Martiño que se celebrará o **Domingo 20 de novembro**. As inscricións no colexio estarán abertas ata o **XOVES DÍA 3 de NOVEMBRO INCLUSIVE**. No caso de non facer a inscrición a través do colexio, poderán facelo de xeito particular ata o 06 de novembro. **Para inscribir aos alumnos/as a través do colexio, deberán cubrir un formulario premendo na seguinte [LIGAZÓN](#)**. Unha vez realizada a inscrición daremoslles o dorsal e a camiseta (categoría escolar) o xoves día 17 de novembro.

As categorías nas que participaremos serán Escolar, Cativos e Inclusiva:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA-LUGAR DE SAÍDA	ACOMPAÑANTES
ESCOLAR	Nados/as entre 2005 e 2010	5 km	12:30 - Ponte do Milenio	Non poderán acompañar aos nenos na carreira
CATIVOS	Nados/as entre 2011 e 2014	1,4 km	13:30 - Ponte do Milenio	Poderán acompañar aos nenos na carreira
INCLUSIVA	2015 e posteriores ou diversidade funcional	1,4 km	13:40 - Ponte do Milenio	Poderán acompañar aos nenos na carreira

Como noutras edicións, establecemos un **[PUNTO DE ENCONTRO](#)** previo á saída para facer unhas fotos, animarnos e felicitaros de antemán pola nosa participación na proba. Aconsellamos que os/as participantes acudan á proba coa camiseta do colexio, e que non esquezan o dorsal.

Se queres consultar máis información sobre o percorrido e regulamento: asanmartino.com